



Emilio de León. Director xeral de Lactiber León

Gústanos o leite

Que os consumidores eliximos o que queremos e non queremos pode ser unha evidencia, pero é unha realidade que nos afecta a todos os elos da cadea láctea. Ante as realidades e os cambios nos hábitos de compra, sempre nos caben dúas opcións: a primeira é lamentarse (no noso caso) da caída de consumo de leites básicos en favor doutros produtos que por agora poden ser moda ou non, pero que gañan cota de mercado, e a segunda opción é poñerse mans á obra. Sempre é esta a mellor opción, polo menos para os que pensamos así.

O traballo en equipo é sempre garantía de éxito, aínda que neste noso sector lácteo son moi contadas as relacións nas que todos traballamos en equipo cun obxectivo común. Os que o facemos estamos plenamente convencidos de que é un modelo que funciona e así o vai demostrando o pasar dos anos.

Ser capaces de vernos como colaboradores e non como inimigos é o primeiro dos pasos. A distribución era sempre o inimigo público número un da industria e esta, á súa vez, o inimigo dos gandeiros. En moitos casos non se estaba falto de razón porque sempre hai exemplos de todo tipo.

Unha vez claro este primeiro paso, pasamos ao segundo, que sería ter comunicación entre todos para coñecernos os uns aos outros e analizar se sumando esforzos e tirando da cadea na mesma dirección podemos ir máis aliñados e máis rápido que tirando cada un para un lado.

O seguinte é definir o obxectivo e o foco das accións de todos, en definitiva, ter un obxectivo común claro: ofrecerlle ao consumidor a mellor opción de compra, o produto de maior calidade ao prezo de mercado máis competitivo posible.

Atender, escoitar e consentir o consumidor, que é e debe ser a nosa obsesión, desenvolvendo produtos que en primeiro lugar sexan considerados por el como produtos de valor engadido.

Traballar no círculo de influencia de cada un de nós, executando todas as accións e medidas ao noso alcance, po-

ñendo en común todos os coñecementos que temos como especialistas en cada fase de produción (agricultores/gandeiros/industria/distribución), facendo cada vez máis eficientes todos os procesos. Eficiencia ben entendida, non como unha moda, senón como unha necesidade ante un mercado cada vez máis global e competitivo, para lograr o obxectivo de satisfacer o consumidor, que somos todos, e que cada vez somos máis esixentes coa calidade, o prezo, o benestar das granxas, o coidado do medio ambiente... e outros aspectos máis que nos irán demandando.

Gústanos o leite, si, e moito. Creamos no sector, pero temos que definir o noso camiño e tentar garantir o futuro. Para iso, ter un modelo é ter un tesouro.

Ao mesmo tempo habemos de seguir, cada un de nós e cos medios que dispoñamos ao noso alcance, poñendo en valor o leite e os produtos lácteos, produtos naturais, ricos en proteínas de alta calidade e biodisponibilidade, fontes de calcio diario, ricos en vitaminas e microminerais imprescindibles para a alimentación etc.

Sabemos das bondades do leite enteiro, pero fagamos memoria. Hai anos a bebida de cola máis vendida no mercado só tiña a versión orixinal, agora, anos despois, haina *light*, *zero*, sen cafeína, con cereixa e con múltiples combinacións. Hai que adaptarse: calcios, omegas, fibras, de pasto, ecolóxicas, sen lactosa, con canela e limón, evaporadas etc. Todas elas e moitas máis teñen como materia prima o leite e todas son necesidades que foron nacendo para satisfacer novas demandas.

Como resumo, gandeiros, industria e distribución traballan xuntos nun modelo de calidade e eficiencia, cuxo obxectivo é adaptarse cada día aos cambios, ofrecéndolle ao consumidor un produto da máis alta calidade a un prezo competitivo e valorizando o leite como materia prima, que, con mimo, se elabora desde as granxas, co mesmo mimo se envasa e co mesmo mimo se distribúe para poñelo a disposición dos fogares. Gústanos o leite. ■

► CREMOS NO SECTOR, PERO TEMOS QUE DEFINIR O NOSO CAMIÑO E INTENTAR GARANTIR O FUTURO